

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 11 de febreiro de 2005 pola que se regulan as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica.

Advertido un erro no texto da citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 36, do martes 22 de febreiro de 2005, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 2.959, no artigo 8.2º onde di: «que se aterá á disposición adicional segunda desta orde», debe dicir: «que se aterá á disposición adicional primeira desta orde».

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 22 de febreiro de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas a entidades locais de carácter supramunicipal destinadas a subvencionar os investimentos necesarios para a prestación dos servizos e actividades obxecto da súa competencia.

Os municipios galegos para a execución de servizos en común, de acordo co que dispón a normativa de réxime local, teñen a posibilidade de constituírse ou integrarse en entidades locais de carácter supramunicipal previstas nesta mesma normativa.

Así, en cumprimento do establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia vén colaborando coas entidades locais galegas, para fomentar a constitución de entidades locais de carácter supramunicipal, co fin de favorecer o asociacionismo municipal, no senso de favorecer mecanismos de xestión dos intereses locais que permitan facer fronte ás novas exixencias de servizos públicos, con organizacións fortes e dotadas de medios suficientes, demandadas polos veciños.

Igualmente, e dentro da concepción do pacto local como un acordo integral dirixido a resolver o conxunto dos problemas que ten formulada a Administración local galega, ocupa un lugar importante o acometemento das necesarias reformas infraestruturais para posibilitar a existencia de entidades locais coa

capacidade de xestión suficiente para acometer servizos cada vez máis necesarios e demandados.

Para isto, a potenciación do asociacionismo municipal constitúe un eixo básico, que motiva a instauración dunha nova liña de axudas dirixidas a estimular a prestación de servizos desde o ámbito supramunicipal.

Finalmente, o Decreto 226/2003, do 11 de abril, modificado polo Decreto 280/2003, do 17 de xuño e polo Decreto 16/2004, do 15 de xaneiro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, encomendándolle á Dirección Xeral de Administración Local as relacións coas corporacións locais.

Neste senso á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de conformidade co establecido no artigo 11 do citado decreto compételle, entre outras materias, o relativo ás relacións coas corporacións locais, relacións que, ao abeiro dos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, poderán ser de colaboración e cooperación económica e revestir as formas de subscrición de convenios e concesión de subvencións.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

Establécense subvencións en réxime de concorrencia competitiva a favor das entidades locais de Galicia de carácter supramunicipal previstas na Lei de Administración local de Galicia (mancomunidades de municipios, consorcios locais e áreas metropolitanas), en adiante entidades locais, dirixidas a financiar os gastos de investimento que estas teñan que levar a cabo para realizar a prestación de servizos.

Poderán ser gastos subvencionables os seguintes gastos:

- a) Adquisicións de bens destinados á prestación dos servizos.
- b) Execución das infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos que leven a cabo estas entidades locais.
- c) Adquisición do equipamento mobiliario e de oficina necesario para a xestión administrativa da entidade local.

Artigo 2º.-Crédito.

Estas subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.760.2, programa 123.A, ata unha contía máxima de cincocentos dezanove mil catrocentos sesenta e seis euros (519.466 €) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005.